

MOCIÓN Nº 2 DO GRUPO MUNICIPAL DE VIA ALFOZ SOBRE A GRAVACIÓN DAS SESIÓNS PLENARIAS MUNICIPAIS

Ao abeiro do disposto no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo R.D. 781/86 de 18 de abril e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, e da Lei 5/1997 do 22 de Xullo da Administración Local de Galicia, o Grupo Municipal de Via Alfoz presenta a seguinte **MOCION** para a súa discusión no **PLENO**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Segundo se recolle no artigo 227 do R.D. 781/86 de 18 de abril e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, as sesións plenarias son públicas. Ademais, o artigo 20 da Constitución Española avala o dereito da cidadanía a “a comunicar ou recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión”.

As administracións públicas, e os representantes políticos que formamos parte delas, temos a obriga de facilitar a maior información e participación da nosa veciñanza nos asuntos municipais que lles interesan e lles afectan.

É obvio que os debates e os acordos adoptados nos Pleno Municipal interesan e afectan a toda a veciñanza, tendo dereito a acceder de forma sinxela e rápida ao que din e deciden os seus representantes públicos.

Actualmente as novas tecnoloxías permítennos a gravación dos plenos sen medidas difíciles de implantar. Ademais, neste sentido, debemos recordar que o Servizo de Audiovisuais da Deputación Provincial de Lugo pon a disposición dos concellos un servizo de asistencia para a gravación de sesións plenarias tal e como se está a realizar noutros concellos.

Se ben é certo que se lle da publicidade ás actas das diferentes sesións, desde o Grupo Municipal de Via Alfoz consideramos que a gravación dos Plenos Municipais é unha forma sinxela e obxectiva de amosar a transparencia que a veciñanza espera dos seus representantes políticos.

É por iso, que o Grupo Municipal de Via Alfoz propón ao Pleno que se tomen os seguintes

ACORDOS:

1. Que o Concello de Alfoz, a través do Servizo de Audiovisuais da Deputación Provincial de Lugo, proceda á gravación de imaxe e son das sesións dos Plenos Municipais.
2. Que as gravacións das sesións dos Plenos Municipais se publiquen na páxina web do Concello de Alfoz, habilitando un espazo visible e facilmente accesible para tal fin.

En Alfoz, a 2 de xaneiro de 2022

Asdo. Efigenia Maseda Paz
Voceira do Grupo Municipal de Via Alfoz

Alcalde - Presidente do Concello de Alfoz